

# BANDO

Ábrese o prazo para a presentación de instancias para a axuda da compra de libros e material para escolares que cursen Educación Infantil, establecendose en 145 € á máxima cantía a subvencionar; dentro da provincia, a todas aquelas familias que reúnan os seguintes



## REQUISITOS:

Estar empadroados no Concello de San Cibrao das Viñas polo menos o pai, nai ou titor do neno cunha antigüidade dun ano á convocatoria da axuda.

Estar ó corrente do pago dos impostos municipais ou documentación requerida por esta administración e non achegada, dato que se comprobará no Concello.

Ter presentadas as solicitudes e a documentación requerida.

R.P.C. anual das familias ás que se lle conceda a axuda, non poderá exceder duns ingresos netos de 5.500 € por membro familiar ao ano. Computaranse como membros todas as persoas que convivan no enderezo familiar.

## DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

Solicitud de axuda (a recoller no Concello ou na súa páxina web).

Factura detallada da compra e titular da mesma, pai/nai ou titor do solicitante.

Copia do Libro de Familia.

Copia do D.N.I. do alumno, no seu caso, dos pais/titores e todos convivintes maiores de 18 anos.

Xustificación de ingresos de todos os membros que vivan no mesmo domicilio:

Copia da Última declaración da Renda e de Patrimonio ou documento acreditativo de non estar obrigado a facela (certificado de imputacións) referida o ano 2015, ou certificación da Empresa dos ingresos obtidos durante 2015 de tódolos membros que convivan na vivenda (Base imponible xeral e base imponible do aforro).

Para familias en paro: Certificación do INEM da contía percibida durante 2015 ou ben certificación de non haber percibido prestación.

Si conviven persoas pensionistas na vivenda, certificación da contía da pensión.

Outras prestacións: RISGA, PNC, Prestación por fillo a cargo, Integración do menor pensións de orfandade certificación do organismo correspondente

Certificado ou informe do centro onde o alumno/a realice estudos no que se especifique o curso onde está matriculado.

Certificado no que conste a relación do núcleo de convivencia formada polos empadroados na mesma folla padroal.

No caso de separación ou divorcio documentación que o acredite. No caso de non percibir pensión alimenticia ou compensatoria, presentarse fotocopia da denuncia de incumprimento destas obrigas.



## PRAZO

**AS SOLICITUDES PODERANSE PRESENTAR NO CONCELLO ATA O VINDEIRO 23 DE SETEMBRO DE FORMA IMPRORRIGABLE**

San Cibrao das Viñas, 29 de Agosto de 2016.  
O ALCALDE;

